

27 de agosto de 2026

Estimadas familias:

Comenza un novo curso e poñemos en marcha o servizo de **acollida matinal** que empezará **o xoves 10 de setembro**. Antes de cubrir o formulario de inscrición, lede con atención as seguintes indicacións:

- ☐ O [formulario](#) pecharase **o venres 4 de setembro, ás 14:00 h.** Durante este prazo anotaranse tanto aos alumnos que **empecen en setembro como aos que o fagan en outubro**. É obrigatorio facer unha inscrición por alumno.
- ☐ Poderán facer uso deste servizo tamén os alumnos de 1º da ESO, en horario de 7:30 h a 8:30 h.
- ☐ Continuamos coa posibilidade de acollerse a este servizo por días soltos. Neste caso, as familias que o necesiten terán que comunicalo na secretaría do centro o día anterior.
- ☐ Os pagamentos realizaranse mensualmente mediante cargo bancario. Para poder inscribir a un alumno neste novo curso é necesario ter liquidado o saldo negativo do curso anterior, no caso de que exista algún recibo pendente.
- ☐ A continuación detallamos os prezos para este curso segundo a modalidade escollida:

MODALIDADE		PREZO (outubro-maio)	PREZO MES SETEMBRO E XUÑO
Mes desde as 7:30 h		46 euros/mes	36 euros
Mes desde as 8:00 h		41 euros/mes	31 euros
Mes desde as 8:30 h		36 euros/mes	26 euros
ESO	Mes desde as 7:30 h	41 euros/mes	31 euros
	Mes desde as 8:00 h	36 euros/mes	26 euros
Días soltos/fixos eventuais desde as 7:30 h		4 euros/día	
Días soltos/fixos eventuais desde as 8:00 h		3,50 euros/día	
Días soltos/fixos eventuais desde as 8:30 h		3 euros/día	

Un saúdo e bo comezo de curso. A Dirección